



Identificación del Registro y Funcionario REGISTRO MARIA PITA RPA		SELLO DE ENTRADA Fecha:17/06/2022 Número:68877  15030 A RMPE161143
Código del Asiento RMPE161143	Fecha y Hora de Registro 17/06/2022 14:52:21	

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS EN EL REGISTRO

FECHA, HORA Y NUMERO DE REGISTRO

17/06/2022 14:52:21 nº48099/68877

EXTRACTO (Contenido del escrito)

AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA CORUÑA NO ÁMBITO DEFINIDO COMO API-S35 RÍA DO BURGO, A CORUÑA (2022AAE2670)

INTERESADOS

PRI: CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA

DOCUMENTACIÓN APORTADA

2P11360X5T6Q3C0X10ME - Solicitud general
Original electrónico

524G2W6J3K4D1X6N01L1 - Documentación adicional
Original electrónico

5F0F1L052T4G2U1M14E9 - Aportación
Original electrónico



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA CORUÑA NO ÁMBITO DEFINIDO COMO API-S35 RÍA DO BURGO

Promotor e órgano substantivo: Concello da Coruña
Expediente: 2022AAE2670

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

- 1 O concello da Coruña dispón na actualidade dun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 25.02.2013, logo de ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica. O PXOM incorpora como área de planeamento incorporado a API S35-*Ría do Burgo*.
- 2 O 16.03.2022 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello da Coruña no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal da Coruña no ámbito definido como API-S35 Ría do Burgo" (en diante Modificación). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.
- 3 O 21.03.2022 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) mais o seu Regulamento, (RLSG) integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 46.2.a) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores do planeamento xeral de ordenación municipal.
- 3 A LSG establece tamén que, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental someterá a documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).



CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Ámbito de actuación e principais características ambientais

Ámbito de actuación: área de planeamento incorporado S35 *Ría do Burgo* do PXOM vixente (API S35), situada no sueste da cidade da Coruña, á beira da ría do Burgo. Abrangue terreos da fronte costeira comprendida entre o dique sur da praia de Oza, o límite municipal co concello de Culleredo e a Avenida da Pasaxe (AC-12).

A ordenación vixente da API está establecida nos planos de ordenación do PXOM e na ficha que recolle a súa normativa. Esta ficha remite á *Modificación puntual do PXOM de 1998 de ordenación da fronte da Ría do Burgo*, aprobada o 01.10.2008, e incorpora unha serie de determinacións complementarias.

Superficie do ámbito: 420.614,46 m²



Ámbito de actuación

Características ambientais da área probablemente afectada:

O ámbito forma parte da fachada marítima da cidade da Coruña, tratándose dun espazo singular dende o punto de vista paisaxístico posto que constitúe a fachada de entrada á cidade e, debido á súa posición topográfica, resulta visible dende amplas zonas (dende o concello de Oleiros no leste e o concello de Culleredo no sur, as estradas AC12 e AC211, así como dende o Monte Alfeirán ao oeste).

Abrangue un tramo urbano costeiro moi antropizado e heteroxéneo, onde conviven edificacións colectivas (A Pasaxe, As Xubias de Arriba) con grandes equipamentos (hospital materno infantil ou o centro educativo Santa María do Mar), pequenos barrios de vivendas unifamiliares (Xubias de Abaixo), edificios catalogados, hortas de cultivo, zonas industriais en desuso (estaleiro Valiña, conserveira Celta) e vías de comunicación.





A metade sur do ámbito presenta unha topografía con pendentes suaves descendentes cara á ría, mentres que a metade norte, fundamentalmente na zona das Xubias e a parte inferior do Hospital Materno, presenta zonas con fortes pendentes.

Os terreos delimitados insírense case na súa totalidade na área continua de ordenación do Plan de ordenación do litoral (POL), agás pequenas incidencias da área de protección costeira (extremo norte) e da área de protección intermareal (treito paralelo á liña ferroviaria do bordo costeiro), non presentando incidencia noutras áreas descontinuas, como corredores ou espazos de interese.

O ámbito non forma parte de espazos naturais protexidos, porén, a contorna próxima goza de valores naturais e paisaxísticos. A ría do Burgo está identificada no Inventario de Humidais de Galicia como complexo húmido e, malia estar sometida a unha forte presión humana, constitúe un enclave de interese para aves acuáticas.

O río de Quintas atravesa canalizado o extremo sur do ámbito da Modificación, dende a Avenida da Pasaxe ata a súa desembocadura na ría. Nesta canle o organismo de bacía identificou unha área con risco potencial significativo de inundación (ARPSI), se ben - como é lóxico- a zona de fluxo preferente mais a zona inundable (T500) delimitadas non afectan ao tramo canalizado que atravesa o ámbito.

O PXOM vixente catalogou varios bens do patrimonio cultural existentes no ámbito: o Pazo de Guyatt (ficha 10-016 e 10-018), un conxunto de casas mariñeiras (ficha 10-017), o Colexio Santa María del Mar (ficha 10-021) e a Casa Grande (ficha 10-022).

Existe unha ampla rede de estradas na zona de actuación, como a AC-12 (avenida Ponte Pasaxe) que conforma o linde oeste, a AC-11 (avenida Alcalde Alfonso Molina) que o atravesa polo sur e a AC-211 no límite con Culleredo. Segundo os mapas estratéxicos de ruído publicados¹, nas zonas do ámbito máis próximas a estas vías rexístranse elevados niveis de inmisión de ruído.

As estradas xunto coa liña de ferrocarril, que atravesa o ámbito de norte a sur en paralelo á ría, condicionan a mobilidade interna, presentando unha escasa permeabilidade con camiños obsoletos e nalgúns casos inconexos.

As infraestruturas de abastecemento e saneamento existentes pertencen á rede xeral da cidade. Tres ramais subministran auga á zona sur e á zona industrial do recheo existente, ao hospital materno-infantil e ao núcleo das Xubias. A rede de saneamento é en xeral de tipo separativo e os colectores conducen as augas residuais ata a EDAR de Bens, excepto un pequeno tramo na zona industrial do recheo que verte directamente á ría do Burgo.

2. Características do planeamento

Obxecto: establecer unha nova ordenación para o ámbito da API-S35.

O borrador xustifica esta necesidade (punto 6 da memoria informativa) en base ao esgotamento dos prazos de execución da ordenación vixente e a obriga da súa adaptación á normativa urbanística actual así como a distintas estratexias e documentos internacionais que aconsellan un cambio no desenvolvemento urbano.

¹ Sistema de Información sobre Contaminación Acústica (<https://sicaweb.cedex.es/los-mapas-de-ruido/>)





Alternativas: o documento ambiental estratéxico formula catro alternativas:

- Alternativa 0: non modificar a ordenación prevista no PXOM, que implicaría manter unha elevada edificabilidade ($0,72 \text{ m}^2/\text{m}^2$).
- A alternativa 1: prevé a creación dun corredor metropolitano litoral dende Oza ata o Burgo, modifica levemente algunhas áreas de reparto que son consideradas complexas para a súa xestión e realiza pequenas transformacións urbanas en núcleos consolidados. Rebaixa a edificabilidade ata os $0,37 \text{ m}^2/\text{m}^2$.
- A alternativa 2: modifica a traza da vía do ferrocarril, prevendo o seu desprazamento cara á parte baixa da avenida da Pasaxe (mediante un túnel semiaberto), aproveitando parcialmente o seu actual percorrido polo ámbito para crear unha senda litoral que enlace o actual paseo da ría do Burgo coa praia de Oza. Rebaixa a edificabilidade ata $0,45 \text{ m}^2/\text{m}^2$.
- A alternativa 3 (seleccionada): parte da análise das anteriores alternativas e procura rebaixar a presión urbanística, prevendo unha ordenación semellante dos espazos libres e dotacionais da alternativa 1 pero rebaixa a edificabilidade² ata $0,239 \text{ m}^2/\text{m}^2$.

Proposta:

A nova proposta de ordenación delimita no ámbito seis polígonos de actuación no solo urbano non consolidado en substitución dos nove contemplados actualmente no planeamento:

- POL-RC-01: comprende un espazo no que se insiren os antigos estaleiros Valiña e a antiga discoteca Pachá, lindando coa praia de Oza e a estrada das Xubias de Arriba. Nel proxéctanse un total de 81 vivendas distribuídas en catro bloques residenciais -dous de seis alturas na zona oriental e outros dous de tres alturas na parte noroeste- ademais dun equipamento para deportes náuticos en apoio dos existentes.
- POL-RC-02: engloba unha parcela municipal onde existe a estrutura dun antigo edificio en construción e a parcela do Pazo de Guyatt. Proxéctase suprimir a instalación municipal inacabada e xerar dous bloques residenciais de tres alturas (21 vivendas), unha nova zona de estacionamento e, na parcela do Pazo, un equipamento con zona verde asociada.
- POL-RC-03: correspondente co núcleo das Xubias de Abaixo proxecta incorporar catro vivendas unifamiliares (B+II) e un equipamento.
- POL-RC-04: na contorna do hospital Materno Infantil, na que se propón eliminar as edificacións residenciais existentes e a creación dun apeadoiro, zonas de aparcadoiro, un equipamento e un bloque de tres alturas (12 vivendas).
- POL-RC-05: ámbito comprendido entre el ponte da Pasaxe ata o hospital Materno Infantil. Proxéctase un equipamento próximo ao Colexio Santa María do Mar destinado a investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica

2 Na documentación presentada figura que a edificabilidade será de $0,27 \text{ m}^2/\text{m}^2$, porén, tal e como sinala a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no seu informe e tendo en conta os datos aportados para os polígonos, este dato debería ser $0,239 \text{ m}^2/\text{m}^2$



(i+D+i), nove unidades residenciais, a maior parte na zona máis próxima á ponte da Pasaxe de entre dúas e catro alturas e que albergarán unhas 84 vivendas, varios equipamentos e outro apeadoiro. Neste ámbito tamén se promove a recuperación da antiga calzada empedrada da Pasaxe.

- POL-RC-06: ao sur da ponte da Pasaxe, engloba os polígonos POL-RB7, 8 e 9 da Modificación puntual do 2008 sen modificar a súa ordenación, respectando os espazos verdes e elementos catalogados e rematando a zona do viario nos baleiros existentes.

En conxunto redúcese a edificabilidade para os seis polígonos ata os 0,239 m²/m², proxectándose un total de 241 novas vivendas (na modificación do 2008 prevíanse 633). Nestes polígonos incorpórase superficie destinada a espazos libres (48.057,05 m² de sistema xeral e 10.856,76 m² de sistema local) e a equipamentos comunitarios (9.416,65 m² de sistema xeral e 4.161,99 m² do local).

A proposta inclúe a maiores outros catro ámbitos de solo urbano non consolidado, tres deles no extremo norte e outro lindeiro co POL-RB7.

Prevese establecer novas ordenanzas de protección do patrimonio cultural e engadir novos bens ao Catálogo: Casilla ferroviaria nas Xubias de Abaixo, Apeadoiro de tren na Ponte Pasaxe, Tramo empedrado da N-VI e Sistema de peiraos da Pasaxe. Ademais destes elementos, no ámbito existen outros tres bens patrimoniais que se incorporarán, os cales están incluídos nunha modificación do Catálogo actualmente en tramitación: sistema de peiraos e embarcadoiros nas Xubias (ficha 10-038), fonte das Xubias de Abaixo (ficha E010) e sistema de peiraos das Xubias (ficha 028).

A proposta tamén prevé a creación dunha senda litoral metropolitana peonil e ciclista fronte á ría que comunique a praia de Oza co Burgo, dun novo viario que enlaza o Hospital Materno coa zona da Pasaxe, así como dunha área de rehabilitación integral que incluírá edificacións da barriada das Xubias de Abaixo.



Imaxe da proposta





3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o borrador da Modificación mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Recibíronse comentarios de varias persoas interesadas e do grupo municipal da Marea Atlántica.

O promotor deberá considerar na elaboración da modificación as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

En relación ao POL sinala:

- Enténdese máis axeitado incluír as xustificacións relativas ao POL e ás DOT como parte da memoria xustificativa. Considera errónea a afirmación de que a aplicación do POL resulta voluntaria no SUNC (ao amparo do artigo 98), sinalando que a adaptación é obrigatoria para todo o planeamento tramitado posteriormente á súa aprobación, como é o caso, coa excepción do solo clasificado como urbano consolidado ou de núcleo rural (artigo 3 do POL).
- A maioría dos polígonos de SUNC (RC-01,02,03,04 e RB-07,08,09) son case coincidentes cos analizados na elaboración do POL. A estes polígonos lles foi asignado o grao 1 de compatibilidade (compatibles) e a Modificación reduce de xeito importante a súa edificabilidade e incrementa os espazos libres, polo que procede manter a compatibilidade das delimitacións.
- Considera tamén compatible o ámbito RC-05 (non analizado no POL) situado integramente na área de ordenación e que concentra a súa edificabilidade entre a vía ferroviaria e a Avenida da Pasaxe ou tras edificacións existentes, sen impacto directo sobre a costa. O mesmo sucede cos tres pequenos ámbitos situados no extremo norte, que tiñan anteriormente a condición de SUC, e que supoñen o completamento do tecido edificado sen transcendencia dende o punto de vista da ordenación territorial.
- A senda litoral proposta tamén é unha actuación compatible, incluso nas áreas de protección intermareal e costeira nas que incide puntualmente. Porén, debe terse en conta a incidencia da liña de dinámica litoral grafada no POL, especialmente na zona do recheo a carón da Ponte da Pasaxe, onde son esperables fenómenos costeiros derivados do cambio climático e no que se recomenda limitar as actuacións ao imprescindible.





Informa que deberá xustificarse a clasificación como solo rústico dos terreos situados ao norte, dentro do dominio público marítimo-terrestre, actualmente clasificados como solo urbano. Aos ámbitos de solo rústico seranlle de aplicación as categorías de solo establecidas no artigo 34 da LSG. No plano de ordenación O.01 non queda claro o ámbito do solo rústico de protección de costas, aparecendo dividido ao sur da ponte da Pasaxe en ámbitos entre os que hai continuidade.

Indica que se propón, sen aparente xustificación, categorizar como SUNC algunhas zonas fragmentadas ao noroeste, actualmente categorizadas como SUC, o cal deberá emendarse tendo en conta a ordenación detallada que se propoña. Así mesmo, nos ámbitos de SUC nos que se aumente a edificabilidade deberá analizarse a posible aparición de actuacións de dotación que determinen a consideración do ámbito afectado como SUNC -artigo 17.b.3) da LSG e artigo 26.b.3 do RLSG-.

A memoria xustificativa non establece os polígonos que corresponden ao ámbito de SUNC situado ao norte do POL RB-07 (de 4.059 m²) nin ás tres pequenas novas áreas de SUNC situadas no límite norte, o que cómpre completar.

Require que se xustifique a previsión de arboredo necesaria no ámbito da API así como a de vivenda protexida que proceda (art. 42.9 da LSG e art. 77 do RLSG).

Instituto de Estudos do Territorio

Sinala que os efectos sobre a paisaxe que cabe esperar da Modificación son, en xeral, positivos, ao prever a liberación da fronte litoral coa creación dun espazo público de calidade, a aposta pola mobilidade sustentable, a recuperación de ámbitos e edificacións degradadas e a redución da edificabilidade.

Para os efectos do disposto no artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (RLPPG), os contidos da documentación informada poden considerarse adecuados, se ben eses contidos deberán unificarse e formalizarse como un estudo de paisaxe consonte o citado no artigo 35. Tamén considera suficiente o contido do estudo de paisaxe urbana, tendo en conta a entidade e alcance da Modificación (art. 36 do RLPPG).

Debe incorporarse na Modificación unha xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe de Galicia, en particular as directrices DX.06 para solo urbano.

De acordo co epígrafe o) da directriz de paisaxe DX.06, recoméndase prever as cautelas necesarias para resolver os problemas de medianís existentes nos ámbitos do POL-RB7, POL-RB8 e POL-RB9.

En relación co disposto nos epígrafes e) e p) da directriz de paisaxe DX.06, e dada a elevada visibilidade do ámbito como fachada urbana litoral da cidade, deberían establecerse medidas que aseguren unha ordenación do conxunto harmónica, ou ben resolver os impactos paisaxísticos de determinadas edificacións como pode ser o caso do tratamento das fachadas traseiras existentes. No caso do núcleo tradicional Xubias de Abaixo, acordo ao disposto na directriz de paisaxe CH.02 o plan deberá incluír unha carta de cor e materiais orientada a establecer unhas pautas de intervención respectuosas cos valores culturais do conxunto. Para tal fin recoméndase ter en conta os criterios que recolle a *Guía de cor e materiais de Galicia*.





Recomenda tamén consultar a *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos*, toda vez que pode complementar os obxectivos da modificación puntual de establecer criterios técnicos para elección de materiais e para distintos elementos tipolóxicos dos espazos públicos.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Valora positivamente o estudo detallado sobre o contexto e desenvolvemento histórico da zona e os bens do patrimonio cultural identificados, así como a proposta de catalogación de novos bens.

O contido das fichas do Catálogo deberá atender ás esixencias da normativa vixente. Advirte dalgúns erros que cómpre corrixir nas fichas propostas: deben indicar a clasificación e categoría dos bens catalogados (artigos 8 e 10 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia - LPCG); o apartado de "determinación para conservación e mellora" non debe ter un carácter descritivo senón medidas específicas e concretas para conservación e mellora do ben -de ser necesarias-; deben incorporar o plano de ordenación no que queden claramente identificados o parcelario, o ben e o seu contorno de protección, así como os bens catalogados existentes no entorno próximo.

A delimitación dos bens do patrimonio cultural deberá ter en conta que estes están constituídos tanto polo propio ben como por aqueles elementos sen os que o ben quedaría descontextualizado (fincas muradas anexas ás construcións, airas, camiños ou espazos nos que se emprazan os hórreos, canles e depósitos de auga, socalcos, balados, muros, peches, etc...), polo que, con carácter xeral, deberase recoller e protexer tamén a parcela que os contén e os elementos que lle sexan propios. Delimitado o ben, deberase definir o seu contorno de protección que abranguerá os espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar á súa integridade, apreciación ou estudo. Esta delimitación deberá establecerse en base ao estudo do contorno do ben, seguindo as pegadas físicas existentes no territorio próximo como límites de parcelas, camiños, muros ou cómaros.

A Normativa deberá recoller os niveis de protección definidos no artigo 41 da LPCG que serán asignados a cada un dos bens catalogados, así como as actuacións autorizables segundo eses niveis de protección. Resulta necesario identificar o patrimonio cultural en todos os planos de ordenación.

Ao respecto da ordenación achega unha serie de criterios a seguir:

- Detallar os usos en cada zona e detallar ata onde chegan as bolsas de aparcadoiro, evitando definilas cun "P" xenérico.
- Analizaranse as afeccións aos bens de xeito individualizado, prevendo o posible desprazamento das bolsas de aparcadoiro, de ser necesario. As que se decidan manter, deberán executarse con acabados brandos e arborado que mitigue a súa presenza. Estes criterios deberán recollerse na Normativa para aplicalos nos futuros proxectos de urbanización. Terase en consideración que se está a definir o bordo da cidade moi exposto e cun grande significado no imaxinario colectivo.
- Non se formularán os espazos de estacionamento de xeito illado, considerando o fluxo de vehículos motorizados que iso implica, tanto de entrada como de saída.





- Os accesos rodados pensaranse en relación ao seu impacto sobre o patrimonio e a súa posición en relación coa pendente do terreo e as construcións da contorna.
- Considera unha boa estratexia a colocación de arborado e vexetación na zona verde entorno ao Pazo de Guyatt para mitigar o impacto do desenvolvemento sobre os bens patrimoniais. Empregaranse como zonas de amortecemento e transición considerando o impacto visual sobre os bens catalogados.
- Terase en conta a pendente do terreo e as zonas de espazos libres para que axuden a minimizar o impacto da ordenación sobre os bens patrimoniais.
- Incluíranse na documentación gráfica varios perfís, con seccións lonxitudinais e transversais representativas para permitir interpretar os volumes nas tres dimensións e o seu impacto sobre o patrimonio cultural.

Grupo Municipal Marea Atlántica

Entende que a redución de edificabilidade proposta é insuficiente e en moitos casos incoherente cos valores paisaxísticos, culturais e patrimoniais da peza territorial obxecto de estudo. Fai referencia especial á zona de Estaleiros Valiña e á antiga discoteca Pachá (POL RC-01), onde o aproveitamento pasa de 111 a 81 vivendas e considera que a ordenación de volumes proposta xera un impacto paisaxístico aínda notable. A proximidade destes ámbitos á costa e á praia de Oza fan que estes desenvolvementos tiveran un rexeitamento histórico por parte das asociacións cívicas do barrio de Oza, Gaiteira e Os Castros, entendendo que coa presente modificación tampouco se vería cumprida a súa reivindicación.

Consideran que a ordenación proposta no POL RC-01 non está xustificada, sendo incoherente coa protección ambiental do ámbito e as consideracións descritas relativas á conectividade do ámbito e á protección ambiental da peza delimitada da API no seu conxunto, en especial á protección do areal da praia de Oza. Avanza algunhas consideracións no que atinxe á ordenación do POL RC-01, entre elas:

- É contraria aos principios de mitigación e adaptación ao cambio climático. Segundo os modelos de análise de evolución do cambio climático, na zona de estudo cabe esperar que o mar asolagará as zonas máis próximas á liña de costa, entendendo que estas zonas e os seus ámbitos de afección deberán tratarse con solucións permeables e usos compatibles, quedando excluído o residencial. Sinalan que esta zona debería ordenarse atendendo aos seus valores implícitos, relacionados co lecer da poboación e o aumento de espazo libre.
- Propón un aumento de vivendas que non está xustificada. A cidade ten a oportunidade de recuperar espazos vacantes da franxa litoral para a súa renaturalización e descompresión da cidade compacta e atender á demanda veciñal de máis espazos libres e zonas verdes. Neste sentido fai referencia a espazos da fachada costeira que xa contemplan áreas de desenvolvemento urbanístico para vivendas (O Portiño, Agra de San Amaro ou o Plan especial de Labañou M18) e que os peiraos interiores se destinarán á venda para uso residencial e comercial.





- Fan referencia a que as previsións do PXOM de demanda de vivenda e de previsible crecemento demográfico erraron, amosándose co tempo desproporcionadas. Entenden polo tanto que calquera estratexia destinada a incrementar o parque de vivenda debe partir de mobilizar a vivenda baleira, contribuíndo simultaneamente á rexeneración urbana de zonas en declive.
- Incumpre os criterios estratéxicos de desenvolvemento urbano sostible. Entende que o proxecto contradí a adaptación ás estratexias de futuro deseñadas polo propio Concello, acordos coas directrices da UE e organismos internacionais (Estratexia EIDUS Coruña de desenvolvemento urbano sostible; Estratexia de Cambio Climático 2014-2020); Axenda Urbana 2030).

Por todo o sinalado suxire que a Modificación se someta ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

Persoas interesadas:

Durante a consulta pública recibíronse escritos con observacións de dous particulares e dúas empresas propietarias de terreos afectados pola Modificación. As principais cuestións formuladas foron:

- Cuestiónase a motivación da aplicación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, entendendo que tanto pola superficie do ámbito como polos cambios de parámetros (edificabilidade, vivendas) e ordenación, a proposta non pode ser cualificada como modificación menor.
- Pese a reducirse a edificabilidade na proposta respecto á proposta do 2008 (non sometida a AAE), sinalase que ambas prevén unha transformación urbanística de terreos que, pola súa localización (bordo do litoral costeiro), valor patrimonial, ambiental e paisaxístico deberían ser obxecto de preservación. A capacidade residencial, aínda que reducida respecto da API, excede as previsións razoables de demanda e non se xustifica en base á evolución demográfica da cidade.
- A análise da paisaxe resulta incompleta e non analiza o cumprimento e axuste da Modificación ás Directrices da Paisaxe de Galicia. Cuestiónase tamén o axuste ás estratexias contra o cambio climático, ás Directrices de ordenación do territorio (DOT) e ao Plan de ordenación do litoral (POL).
- Considérase inxustificable o eventual cambio do uso residencial do Pazo da Pasaxe para destinalo a equipamento como "centro docente ou de experimentación sobre biodiversidade e a conservación de solos agrícolas". Tamén se considera inxustificada a ordenación nos terreos da contorna no Pazo, situados nunha cota moi inferior á rasante da Avenida da Pasaxe e na que se proxecta un aparcadoiro, un edificio residencial colectivo e o que semella ser un vial, o que se entende suporía un grave impacto paisaxístico. Suxire que no caso de prever a implantación dalgún equipamento sociocultural na zona, debería estar contemplado nas edificacións de nova construción.
- A proposta altera as condicións de implantación da edificación do actual polígono RB-2 Astillero As Xubias previstas no estudo de detalle en tramitación, resultando máis agresiva por afectar ao cantil existente. A redución da





edificabilidade nun 62,5% incrementa os custes de urbanización e implantación das edificacións, afectando á viabilidade do desenvolvemento.

- Maniféstase que se incorporan como solo urbano non consolidado ámbitos que contan con todos os servizos necesarios como para ser considerados solo urbano consolidado.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con esta Modificación puntual do PXOM o promotor pretende reordenar o ámbito da área de planeamento incorporado API S35 *Ría do Burgo* baixo os principios de desenvolvemento territorial e urbano sostible (páx. 11 do DAE).

O ámbito de actuación da Modificación comprende unha extensa área (42 ha) que forma parte da trama urbana da cidade e cuxo desenvolvemento urbanístico está xa previsto no actual PXOM. A Modificación non altera o destino dos terreos, pero a proposta que se formula para modificar a ordenación vixente -reducindo de xeito importante a edificabilidade permitida (un 62,5%), incrementando o espazo libre público con amplas zonas verdes e equipamentos, liberando espazo na fronte litoral e recuperando ámbitos ou edificacións degradadas- terá efectos positivos significativos no relativo á ocupación do solo.

Polos mesmos motivos anteriores, coa Modificación proposta os efectos esperados sobre a paisaxe urbana e litoral son en xeral tamén positivos.

A adaptación da proposta de Modificación ao Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL) é obrigatoria, agás no que se refire ao solo clasificado como urbano consolidado (artigo 3 do POL). Segundo o indicado polo órgano sectorial competente, os ámbitos de solo urbano non consolidado delimitados na nova ordenación son compatibles cos criterios e normas do POL. Tamén considera compatible a senda litoral proposta, porén, deberá terse en conta a incidencia da liña de dinámica litoral grafada no POL, onde debido a posibles fenómenos costeiros derivados do cambio climático recoméndase limitar as actuacións ao imprescindible.

Non se agardan efectos adversos sobre o patrimonio natural, toda vez que se trata dun ámbito urbano cun considerable grao de antropización dentro do cal non existen espazos naturais protexidos ou de especial interese.

Considérase que a proposta presentada no borrador terá unha incidencia positiva no patrimonio cultural, ao incorporar novos elementos ao Catálogo do PXOM e contemplar actuacións que promoven a posta en valor dalgúns bens patrimoniais existentes. Non obstante, na ordenación proposta deberanse ter en conta os criterios indicados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O ámbito de actuación, de natureza urbana, dispón de acceso inmediato ás infraestruturas dos servizos municipais de abastecemento e saneamento, cuxas redes discorren tanto polo seu interior como polos viarios lindeiros. A redución da edificabilidade proposta na Modificación supón, en consecuencia, reducir tamén as necesidades de auga para abastecemento e os caudais de augas residuais previstos no PXOM. En todo caso, antes de iniciar a tramitación do planeamento de desenvolvemento





que corresponda os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras e/ou distribuidoras deberán informar sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos (artigo 185.2 do RLSG).

A senda litoral proxectada no ámbito prolongará o paseo marítimo que rodea a cidade ata o fondo da ría do Burgo e permitirá ademais conectar co paseo fluvial do río Mero ata o encoro de Cecebre, fomentando así a mobilidade alternativa. Neste sentido valóranse tamén positivamente as actuacións propostas para fomentar o uso do transporte público (creación de novos apeadeiros, aparcamentos públicos disuasorios,...) e a articulación de novas sendas peonís.

Tendo en conta o anterior pódese concluír que coa Modificación proposta da ordenación vixente da API agárdanse efectos positivos en materia de ocupación do solo, paisaxe, patrimonio cultural e mobilidade. Non se prevén efectos adversos significativos sobre outras variables ambientais.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas previas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal da Coruña no ámbito definido como API-S35 *Ría do Burgo*". Non obstante, considérase preciso establecer as seguintes **determinacións**:

- En atención ao manifestado polo Instituto de Estudos do Territorio, o instrumento de planeamento deberá conter formalmente un estudo da paisaxe (artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia) así como a xustificación do cumprimento das *Directrices de paisaxe de Galicia*, en particular as directrices DX.06 para solo urbano.
- Atenderase ás medidas protectoras e correctoras expostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, relativas ao contido que deben ter as fichas do Catálogo, a delimitación dos bens do patrimonio cultural e dos seus contornos de protección, a normativa para a súa protección, a súa representación na planimetría, así como criterios que se deben seguir na ordenación proposta.
- A senda litoral proposta é unha actuación compatible co *Plan de ordenación do litoral de Galicia* (POL), porén, debe terse en conta a incidencia da liña de dinámica litoral grafada no POL, especialmente na zona do recheo a carón da Ponte da Pasaxe, onde son esperables fenómenos costeiros derivados do cambio climático e no que se recomenda limitar as actuacións ao imprescindible.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental





De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal da Coruña no ámbito definido como API-S35 Ría do Burgo", posto que non se prevén efectos ambientais significativos. Non obstante, para garantir a integración dos aspectos ambientais no contido da Modificación atenderase ás determinacións que se recollen na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no Diario Oficial de Galicia e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>). Remítirase ao Concello da Coruña xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Conforme co disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba a modificación no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra a disposición de carácter xeral que, no seu caso, aprobe definitivamente o instrumento de planeamento (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Asinado por: CAMIÑO SOTO, JUAN MANUEL
Cargo: Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental
Data e hora: 02/06/2022 15:11:53

Asinado por: PAZ CORNES, MARIA DEL CARMEN
Cargo: Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans
Data e hora: 02/06/2022 12:30:45

Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 17/06/2022 09:17:09

CVE: 2pTYHqOeDY1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





CONCELLO DA CORUÑA

ASUNTO: Avaliación ambiental estratéxica da Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal da Coruña no ámbito definido como API-S35 Ría do Burgo

Promotor: Concello da Coruña

Expediente: 2022AAE2670

Código web: 2491/2022

Achégolle o informe ambiental estratéxico relativo á "Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal da Coruña no ámbito definido como API-S35 Ría do Burgo" emitido por esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático no procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

No informe ambiental estratéxico resúmense as principais cuestións ambientais formuladas durante o período de consultas ao que se someteron o documento ambiental estratéxico e o borrador. En todo caso, o promotor deberá considerar na elaboración e tramitación do planeamento todas as observacións e suxestións manifestadas nos escritos e informes recibidos, que poden descargar na seguinte ligazón:

<http://descargas.xunta.es/f857ab4f-1385-4a13-92d2-f4ea8725cd571654158278503>

e corresponden a:

- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
- Instituto de Estudos do Territorio
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Grupo Municipal Marea Atlántica
- Particulares

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 957 672
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal
cmatv.xunta.gal





XUSTIFICANTE DE SAÍDA

Oficina: 000008852 - Rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**Número:** 2022/1110713 **RI :** 2022/1868**Data e hora:** 17/06/2022 10:39:47**Destino:** Concello de Coruña, A
000012224 - Rexistro Xeral do Concello da Coruña
L01150308 - Concello de Coruña, A

Información do rexistro

Asunto: AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA CORUÑA NO ÁMBITO DEFINIDO COMO API-S35 RÍA DO BURGO, A CORUÑA (2022AAE2670)

Documentación que achega a persoa solicitante:

(*) Algoritmo para o resumo electrónico dos arquivos: SHA-256

Nome do arquivo	Descrición	Validez	Resumo electrónico do arquivo (*)
2022AAE2670_XR_IAE_Concello_MP_PXOM_ACoruna.pdf		ARQUIVO ELECTRONICO	ba5cc7a6616db29c6e2c8af3ca49b8154f02f8a4
2022AAE2670_IAE_MP_PXOM_ACoruna.pdf		ARQUIVO ELECTRONICO	e088404cb988ee829ac9433a756b68bcf6ef7e15